

IGLESIAS DIÉGUEZ, A.: *Historia do Pensamento Antropológico en Galicia*. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999, 436 p., 14 figs., 6 táboas.

Por Tito A. VARELA LÓPEZ

Departamento de Bioloxía Animal.

Universidade de Santiago de Compostela.

A historia da paleoantropoloxía depende, entre outras causas, do azar dos achados, da personalidade dos investigadores e do contexto sociolóxico. No libro que agora reseñamos, o doutor Alfredo Iglesias Diéguez achega unha análise da historia da evolución humana en Galicia, aínda que non faltan as referencias ó contexto español e internacional, tanto europeo como americano. O obxectivo fundamental deste traballo é a investigación do desenvolvemento das ideas que ó redor do evolucionismo humano se produciron en Galicia entre 1859 e 1976. Para realizar este traballo o autor partiu da análise do complexo discursivo establecida por Tort en 1983, e a partir dunha análise deste xénero, que implica o recoñecemento da existencia de dous tipos de texto no seo dun discurso (o ideolóxico e o científico), e adoptando a postura que en bioloxía está definida polo darwinismo materialista, o autor realiza unha sutura no discurso paleoantropológico que lle permite demarcar o científico do ideolóxico. Este proceso é necesario, ó noso entender, para valorar correctamente no seu contexto cada unha das elaboracións que se produciron para explicar a presenza do xénero Homo na Terra.

Ó longo do libro expóñense a maioría das polémicas que suscitou esa cuestión, dende as primeiras intervencións evolucionistas nos anos sesenta do século XIX ata os últimos debates xurdidos nos anos setenta do século XX. O límite temporal ó que se circunscribe o autor remata en 1976, sendo varios os motivos propostos. Uns son científicos (descubrimiento dos xacementos de Orce e

Atapuerca), e outros publicísticos (sae á rúa a segunda edición de La evolución) e políticos (recuperación da democracia). Por outra banda, un dos asuntos que merece máis atención ó investigador é o relativo á interpretación dos debates filoxenéticos no seo do evolucionismo cristián nos anos do franquismo. E máis en concreto, tamén, é obxecto de análise a produción teórica de investigadores da talla de Crusafont -un dos introdutores de Teilhard de Chardin en España e máximo expoñente do finalismo evolutivo-, e Aguirre, un dos máis relevantes paleoantropológos españois. Dende istas premisas, o Dr. Iglesias realiza un detallado repaso do que se publicou sobre diferentes xéneros fósiles, algúns deles hoxe esquecidos (Almogaver, Hispanopithecus, etc.) ou sistematizados doutro xeito (Sinathropus, Pithecanthropus, etc.). Profundiza tamén na obra La evolución (1966), fundamental para coñecer o significado que chegou a ter o evolucionismo cristián e o finalismo. Da análise do complexo discursivo paleoantropológico, Alfredo Iglesias tira algunhas conclusións fundamentais: a ter en conta, fundamentalmente, a análise do evolucionismo, e particularmente do darwinismo en Galicia que está directamente relacionada coa revolución burguesa de setembro de 1868, así como o feito de que a instauración dun modelo político dictatorial suporá a supeditación do traballo científico ó dogma relixioso.

Logo dun longo proceso de xestación intelectual, que partiu do creacionismo máis ortodoxo, clarexa ben o autor como se chegou ó evolucionismo teísta (finalismo), representado fundamentalmente por Crusafont. Temos que estar de acordo coa súa idea de que o abandono do finalismo está relacionada coa introducción do positivismo e da filosofía analítica, propiciadas pola integración de España nos circuitos económicos e científicos internacionais. Ademais, en tanto que esta obra parte dun principio epistemolóxico materialista, o autor tira algunhas conclusións menos idealizadas da ciencia e da súa relación coa filosofía.

Non obstante, no conxunto da obra, que inclúe un amplo apéndice documental e unha pormenorizada bibliografía, bótase de menos dous aspectos fundamentais, que esperamos o Dr. Iglesias satisfaga nun futuro non moi lonxano: o primeiro, unha actualización ata o presente do pensamento antropológico en Galicia e, o segundo, unha análise doutras formas de pensamento non científicas, como as pseudociencias, o creacionismo científico ou o pensamento metafísico. Pero do que non nos cabe ningunha dúbida é da importancia do libro do Dr. Iglesias Diéguez e, polo que toca a nosa Universidade, as súas referencias, entre outros, a D. Carlos Alonso del Real, que inaugurara o curso académico de 1975-1976 cunha conferencia moi lúcida «Sobre algunos problemas de hominización».